

O BARRIO

BOLETÍN INFORMATIVO PARA A VECIÑANZA DE CANIDO



Chega o Nadal, ese tempo que invita a pasear entre as luces que adornan as rúas e os escaparates, a deter o paso e pensar nos demais, nas persoas que temos preto e nas que, quizais, precisan un xesto de calor. O espírito do Nadal non vive só nos grandes centros comerciais nin nas compras apuradas: vive na vida de barrio, nas conversas á porta da panadería, nos saúdos ao cruzar a praza.

EQUIPO DE REDACCIÓN

Rafael Aguirrebengoa Esnaola

Antonio Casal Velázquez

Guillermo Castro Peccis

Celia Fernández Alvariño

Maica R. Freire

O BARRIO - ISSN 3045-4476

É tempo de recuperar esa cercanía que nos fai comunidade, de lembrar que detrás de cada porta hai historias, afectos e necesidades.

Que este Nadal sexa unha oportunidade para volver ao esencial: compartir, axudar, acompañar. Porque cando facemos barrio, estamos construíndo algo que perdura unha vez se apagan as luces no nadal.

E como non podía ser doutra forma, a AV Canido celebra as festas coa postal de Nadal, que este ano foi elaborada pola artista Blanca Escrigas, e que coma sempre será enviada ás persoas socias xunto cunha participación simbólica na lotería de Nadal.

Se aínda non es socia... estás a tempo!

Dende O Barrio, desexamos a toda a veciñanza unhas felices festas!


ACHEGARTE O BARRIO (e máis aló)

BLANCA ESCRIGAS

Este ano a postal de Nadal é obra dunha veciña de Valdoviño, Blanca Escrigas, que retrata entre outras cousas, a vida da comarca a través dos bares e lugares coma esta iluminada Praza do Cruceiro que protagoniza a postal. Arquitecta de formación, dedícase dende hai máis de 10 anos á ilustración, debuxo e pintura, así como á xestión cultural. Estivo ata o ano 2020 á fronte de "Lavapiés 20", en Madrid un estudo de traballo persoal e adicado á arte e á cultura. Actualmente, está á fronte de **Espazo Branco** (Magdalena, 146), onde desenvolve o seu traballo e o combina coa organización de eventos culturais de pequena escala, deseño textil, clases e talleres. Espazo Branco o xestiona coa súa nai, cuestión que leva con especial orgullo. Este Nadal estará formando parte tanto do mercado "Regalarte" promovido polo Concello, como do "Mercado Moderno", xunto a marcas eco e outras artesás de diferentes disciplinas.



Este Nadal podes atopar a Blanca no mercado "Regalarte" (Cantón, 18 a 22 de decembro) e no "Mercado Moderno" (Real 140, do 22 ao 5 de xaneiro).



CANIDO SOCIAL

NADAL, VIVENDA E TRABALADORES POBRES

A través dunha breve análise da información sobre as familias acompañadas desde a nosa **Cáritas parroquial** podemos ter unha primeira radiografía da sociedade que estamos construíndo. Evidentemente, sen a representatividade doutros informes do tamaño de FOESSA, pero interesante para achegarnos á realidade deste pequeno mundo que conforma o noso barrio. Fai só cinco anos, **o aluguer medio que pagaban as nosas familias era duns 215 €**, contía que se foi incrementando ata os 260 € nos dous anos posteriores. Nese período, o aluguer máximo roldaba os 300 €. Estas cantidades, aínda que difíciles de afrontar desde unha economía precaria, facilitaban o acceso á vivenda para facer fronte con certa solvencia ao seu pagamento e Cáritas lle permitía levar un apoio con certa continuidade sobre aquelas familias que puidesen estar pasando por un momento complicado, sempre co apoio doutras axudas públicas.

A subida abrupta do prezo do alquiler ten impacto directo sobre as nosas veciñas, persoas con nome e apelidos.

Só un ano despois, en 2024, o panorama sufriu un cambio significativo. **Prodúcese un incremento do 35 % do aluguer medio**, sendo o máis habitual duns 450 €, **sen que a calidade do parque edificado sufrise unha mellora substancial** froito dun plan de rehabilitación; simplemente adaptouse abruptamente ás leis do libre mercado.

Xa sabemos que non estamos descubrindo nada novo, nada que non ocorra noutros moitos lugares do país; simplemente tratamos de poñerlle a cara, o nome e os apelidos de moitas persoas que son moito máis que simples participantes —ou mal chamados “usuarios”— de Cáritas: é veciñanza amiga á que nos une a impotencia de non poder ver resolto o seu problema habitacional.

Fronte a esta realidade, atopámonos con anuncios que nos producen **unha profunda dor ao utilizar a esencia comunitaria e acolledora do noso barrio como reclamo para a venda de vivendas só accesibles ás rendas máis altas**, apropiándose —para a pura especulación e política de descarte— do traballo de moitas veciñas e veciños que durante décadas **soñaron un mundo moi diferente ao que agora se nos presenta**. Nestes tempos produciuse tamén unha transformación do perfil das familias que atendemos. Agora son, na súa maioría, **traballadores e traballadoras pobres**.

Atopámonos con que moitas persoas, a pesar de ter emprego, ven como os seus ingresos lles impiden acceder a este ben básico ou, se acceden, teñen que dedicar o 80 % dos seus ingresos a pagar un aloxamento que, en moitas ocasións, procede dunha utilización pouco ética por parte dos seus propietarios.

Agora ter traballo non é garantía de saír dunha situación de pobreza.

Cáritas fai un chamamento a pensar nos demáis a través das nosas eleccións.

O Advento anúncianos a chegada de Cristo. É un momento propicio para que a Igrexa encarnada nos máis empobrecidos faga esta denuncia profética e sinale con valentía as inxustizas, o pecado e as estruturas que deshumanizan, **facendo un especial chamamento a todas aquelas persoas que se consideran impregnadas polos valores do Evanxelio a deixar de participar neste escuro negocio que atenta contra a dignidade. Quen acumula propiedades para facer negocio ten que elixir entre adorar a Deus ou ao diñeiro**. Desde Cáritas Parroquial facemos nosas as palabras de San Xoán Crisóstomo: “*Non dar ao pobre o que lle corresponde é roubárlle e privarlle da vida*”. Por iso, traballamos por manter a nosa esencia fronte á especulación, facendo un chamamento á solidariedade que tantas veces Canido ten demostrado coa súa veciñanza máis vulnerable, no entendemento de que **colaborar na campaña de Nadal de Cáritas é unha boa oportunidade para restituír o que, en xustiza, lles pertence**.

Podedes facer as vosas achegas na conta ES63 2080 0225 1930 0001 1777.

Só nada é pouco.

Equipo de Cáritas Parroquial de Santa Cruz de Canido.

Aviso ás persoas madrugadoras!

Sabemos que precisades o café quentiño nada máis saír da casa, por iso informamos de que os cafés do barrio: ambigú da SRYD Canido (rúa Ínsua); D'Tapas e Rueiro (na rúa Alegre); Seijo (Praza de Canido) e Meninas (rúa Navegantes) abren por semana ás 8:00h, para axudarnos a quentar motores.



COCINA ECONÓMICA DE FERROL

Ningunha vida rompe de todo se se pode recompoñer

Colindante co noso barrio está a Cocina Económica de Ferrol, na rúa Rubalcava. Esta entidade centenaria ten a función de proporcionar un servizo de comida a persoas con escasos recursos económicos, proporcionando xantar e cea, traballando en colaboración cos Servizos Sociais Municipais. Ademais, xoga un papel fundamental na axuda á integración social prestando servizos de asesoramento e información sobre os recursos sociais, traballando para encamiñar adecuadamente ás persoas usuarias cara os recursos e servizos cos que abordar as súas problemáticas.



Dado o seu carácter independente, e pese á colaboración doutras entidades, **son as persoas sociais as que representan a principal fonte de estabilidade** para asegurar o funcionamento desta institución, garantindo a independencia e a continuidade. A partir de 12 €/ano, menos do que custa un café ao mes, pódese contribuir, e tamén se agradecen doazóns puntuais (que desgravan no IRPF) e participación como persoal voluntario.

Como vimos remarcando en O Barrio, a nosa contorna vese castigada por circunstancias como o desmesurado aumento do custo da vida e dos alugueres, ademais de factores estruturais como o envellecemento da poboación ou o paro crónico da comarca. Neste contexto, é importante a solidariedade entre a veceñanza, e este tempo de Nadal é un bo momento para dar un paso adiante neste cometido.

O BARRIO QUE QUEREMOS

2025 marcha e na Intrabarrial seguimos a reclamar á Administración os proxectos comprometidos:

Humanización de Doutor Fleming

A necesaria reurbanización desta zona segue sen executarse. Ademais, a Intrabarrial reclama ao Concello a actuación sobre outras zonas colindantes para aumentar as prazas de estacionamento. Estado: pendente de licitación.

Beirarrúas de Pérez Parallé

O proxecto de reparación das intransitables beirarrúas está aprobado e pendente de execución.

Elevador para Canido

Esta solución de mobilidade está pendente de elaboración do proxecto por parte do Concello.

Solucións para control de prezo da vivenda

Dende 2024 seguimos agardando que se cumpra o estudo aprobado polo Pleno do Concello que permitiría tomar medidas para mellorar o acceso á vivenda na nosa cidade.

A AV, SRyD CANIDO, FERROLTERRA ANTIGA e MUÍÑO DO VENTO SOLICITAN AO CONCELLO O COIDADADO E MANTEMENTO DO “MEMORIAL EN ANTÓN VARELA”

O pasado mes de novembro solicitouse ao Concello maior coidado dun elemento que custou moito ter na cidade e polo que loitaron numerosas persoas. A continuación reproducimos o escrito presentado.

PETICIÓN DA MELLORA E RECUPERACIÓN DA CONTORNA DO MEMORIAL ÁS VÍTIMAS DO FRANQUISMO

O pasado 24 de febreiro de 2024 foi inaugurado o monumento en Memoria das vítimas do franquismo. O espazo no que está localizado é o antigo cemiterio de Canido, que sen dúbida é un dos lugares marcados pola a represión. O Memorial ás Vítimas do franquismo, 1936-1975, é una obra desinteresada do escultor Manuel Patinha, que recolle o nome das 904 persoas asasinadas nas Comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal (incluíndo os municipios de Miño e Vilarmajor). Pasado un ano e medio da súa instalación o Memorial atópase na actualidade nun estado lamentable de conservación tanto no que ten ver na súa iluminación (quedan tan só un dos focos instalados no seu camiño) como na súa contorna no que o muro da parte traseira do monumento está tomado pola vexetación e a silveiras.

Consideramos que un monumento da importancia deste Memorial, coa súa carga simbólica e valor emocional para moitas das familias dos represaliados homenaxeados, non merece esa situación de deterioro e que non ten resposta por parte da administración municipal. En especial cando a nosa cidade acaba de ser recoñecida como lugar da Memoria Democrática. Un recoñecemento que implica a protección, conservación e sinalización respecto dos bens vinculados a devandita memoria. No noso barrio en concreto hai dous lugares que tamén precisan actuación e que foron indicados neste expediente como son o *Instituto de Canido* ou a *Igrexa de San Rosendo*, aínda que isto non sexa de titularidade do Concello, entendemos que dende esta administración deben realizarse os trámites necesarios para cumprir co estipulado na devandita declaración.

Por todo o anterior esiximos do Concello:

- A aplicación das **medidas de protección e conservación necesarias** para o ben ou bens sinalados anteriormente coa finalidade da súa preservación. En concreto, no que ten que ver co Memorial, o repostado do alumado retirado, así como a limpeza da súa contorna en especial dos seus muros cubertos de maleza.
- Contactar coas entidades titulares dos bens como o *IES Canido* e a *Igrexa de San Rosendo* incluídos como bens a protexer na declaración e identificación como espazos emblemáticos e vinculados á memoria democrática, para que cumpran co estipulado no BOE do 07.11.2025 respecto deste recoñecemento.
- Medidas de **difusión e interpretación dos devanditos espazos** e do propio memorial, coa finalidade conmemorativa, de homenaxe, didáctica e reparadora.

Que dende o Concello dean pulo ao coñecemento da nosa propia historia, en especial nun barrio marcado pola represión do franquismo, facendo un traballo de sinalización mediante paneis e a localización deses elementos do noso barrio e que leve consigo unha necesaria recuperación daqueles espazos en abandono ou desleixo.



PROPÓSITOS PARA UN NOVO ANO

Agora que 2025 termina, semella un momento idóneo para facer reconto das solicitudes promovidas no ámbito da recuperación do patrimonio cultural do barrio. Tamén para sinalar unha serie de obxectivos para o ano que comeza ou, dende outro enfoque, de tarefas pendentes do Concello.

REHABILITACIÓNS QUE NON CHEGAN

Solicitouse coa INTRABARRIAL ao Concello a **limpeza e posta en valor do Baluarte de Santiago**, excepcional vestixio da muralla da cidade, que segue cuberta pola vexetación descontrolada. Outra intervención solicitada foi a **restauración da fonte Wallace**, aló no Parque Municipal, xunto a súa protección coa inclusión no catálogo de bens do PXOM. A pesares das xestións, incluso remitirle ao goberno municipal unha carta da parisina Sociedade das Fontes Wallace abalando que a de Ferrol é un dos exemplares máis antigos deste modelo de fonte, non se produciron avances. O exposto ata agora evidencia un problema da cidade: a **carencia de mantemento**, neste caso dos bens patrimoniais, pero tamén noutros ámbitos. Outro exemplo disto é o feito de que o mantemento do **lavadoiro de Insúa** recae na propia veciñanza.

CUESTIÓN DE MURALLAS

Noutro ámbito, unha das nosas históricas solicitudes é a **supresión da muralla de formigón da residencia militar "O Baluarte"** que trascorre ao longo da Avenida Compostela. A súa eliminación liberaría un espazo, agora sen utilidade, necesario **para ampliar a beirarrúa** nunha vía esencial que conecta a cidade coas estacións de ferrocarril e autobuses. Ao mesmo tempo que se facilitaría a visibilización do Baluarte do Infante. A propósito da muralla do século XVIII, Canido conta con algúns do vestixios mellor conservados dela. Polo que, dende o Arquivo Militar na Avenida do Rei, ao longo da Rúa Celso Emilio Ferreiro, ata o mirador da Malta (Batería da Malata) propoñemos crear unha senda que amose todo este patrimonio.

UN PATRIMONIO A APROVEITAR

Por último non queremos deixar de mencionar a petición das entidades do barrio para a transformación do interesante edificio racionalista, antiga residencia militar, da rúa Alegre nun espacio sociocultural.

En definitiva, esperamos acadar todos estes bos propósitos en beneficio de tod@s.

BAMBÚ FLORERÍA



Na rúa Coruña 102, case no cruce coa rúa Alegre, hai unha fermosa tenda repleta de plantas. Bambú é unha tenda de barrio no seu mellor sentido, froito das gañas de emprender no barrio, á que podemos acudir a que nos asesoren, e que tamén ofrece venta “on line” a través da súa web “bambuflores.es” dende onde podemos consultar os servizos que ofrece e unha variedade de ramos, flores...



Bambú realiza todo tipo de arreglos florais: para bodas, funerarios, agasallos e dispoñen dunha gran gama de plantas naturais, tanto de interior coma de exterior. E a quen non lle gusta que lle sorprendan con flores? Bambú ofrece servizo a domicilio e colabora con Flor10, que permite envíos nacionais e internacionais.

Na tenda de Canido as podemos atopar nos teléfonos 981 358 071 e 645 777 337, e a tenda abre de luns a venres de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00. Os sábados, están de 10:00 a 14:00h.

bambuflores.ferrol é a conta onde podemos atopalas en Instagram.

BAR D'TAPAS

Case 20 anos leva este local da rúa Alegre (Alegre, 87) ofrecendo un excelente café dende as 8 da mañá, almorzos (torradas, boqueróns, infusións...) e dende o xoves, comida caseira excelentemente preparada: polbo, chipiróns, raxo, croquetas, ensaladas, e especialidades fóra de carta segundo a tempada (caldo, callos...).

d'Tapas tamén é coñecido por ser sede da peña racinguista D'Tapas e apoiar activamente o deporte ferrolán así como por unha activa participación na vida do barrio en eventos como o Destapa Canido.

d'Tapas está aberto de martes a domingo a mediodía.






AXENDA DE NADAL

Concertos de Nadal

- Cando : **Sábado 20**
 - 12:00 (Coros)
 - 20:00 (Rondalla)
- Onde: Centro Cívico



Ás 12:00 Concerto Tempo e Concerto Tempiño despregarán as súas voces
Ás 20:00 será a quenda da Rondalla Ondas do Mar.

Obradoiros

- 
- Cando : **Domingo 21**
 - 11:30
 - Onde: Centro Cívico

Melissa Cimas ofrecerá un obradoiro multisensorial para crianzas de 1 a 4 anos acompañadas. Para as maiores de 4 anos haberá un obradoiro de tarxetas de nadal.


Festa infantil

- Cando : **Luns 22**
 - 18:00
- Onde: Local da SRyD

Teatro Calaverá montarán un festón co seu espectáculo "Un nadal en Laponia".

Chocolatada, homenaxe ás persoas maiores

- Cando : **Luns 29**
 - 17:30
- Onde: Local da SRyD



Unha tarde de música e contacto interxeneracional na tradicional chocolatada do barrio.

Badaladas

- 
- Cando : **Martes 31**
 - 22:30
 - Onde: O Clavel 2.0

Na Praza do Cruceiro, O Clavel 2.0 organiza con carpa, DJ cotillón incluídos a celebración do fin de ano.